



CONVENIO SUBVENCIÓN DE OUTORGAMENTO DIRECTO DE CARÁCTER EXCEPCIONAL

En Burela, na data de sinatura electrónica do presente documento

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO, como ALCALDESA en nome e representación do Concello e en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, actuando especialmente autorizado para a firma do presente Convenio por Decreto de Alcaldía número 2025-0860 de data 26 de agosto de 2025 con CSV: 93DGWCSHGYKDMDJHW3G5AW7EC.

E doutra parte, Diego Campo Fraga con DNI nº [REDACTED] representante da entidade Asociación Cultural Fanto Fantini con NIF G27455872 cuxo obxecto social é, entre outros a organización de festivais de música e autorizado para subscribir o presente Convenio pola súa calidade de presidente, segundo certificado emitido ao respecto. En diante entidade beneficiaria.

Ambas as partes recoñécense mutua e recíprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto, e libremente:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que este Concello ten entre as súas áreas de actuación a través das subvencións as seguintes:

- *Apoiar as entidades culturais da pobo.*
- *Contribuír a que a poboación coñeza o traballo das agrupacións culturais do pobo, mediante a súa participación en actividades e eventos que se celebran en todo o termo municipal.*
- *Axudar ao desenvolvemento de actividades de interese cultural de carácter permanente e puntual.*
- *Promover a organización de actividades e eventos culturais.*
- *Fomentar a participación do cidadán nas actividades culturais e no tecido asociativo de carácter cultural.*
- *Posibilitar a realización das actividades culturais co maior grao de calidade posible e cos medios materiais axeitados.*
- *Desenvolver actuacións que permitan o acceso da poboación ás actividades culturais con carácter continuado.*
- *Conservar e potenciar o coñecemento do patrimonio material e inmaterial de Burela.*
- *Desenvolver actuacións que permitan a recuperación do patrimonio histórico- artístico do pobo.*
- *Fomentar as relacións interxeracionais.*
- *Fomentar a celebración de concursos e premios relacionados co ámbito cultural.*
- *Axudar na promoción do comercio local.*
- *Axudar a consolidar e promocionar iniciativas empresariais.*

- Fomentar redes de traballo entre o tecido comercial e o asociativo.

-Apoiar e impulsar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral, promovidos polas asociacións existentes no Concello, con fins de conseguir unha participación crecente de residentes e turistas nos eventos festivos, convertíndose a súa vez nun motor económico para o Concello.

SEGUNDO. Que dentro destes obxectivos encaixa a colaboración co Festival Osa do Mar 2025 organizado pola Asociación Cultural Fanto Fantini por que conta cos seguintes elementos determinantes para esta coincidencia de intereses:

- A atracción de visitantes foro dos meses álxidos do verán, axudando á desestacionalización turística e fomento o comercio e a hostalaría local.
- O promoción do nome de Burela como resultado de ser o indicado un festival consolidado no panorama galego, con unha previsíbel afluencia e coñecemento desde meses antes da propia celebración deste.
- A existencia dunha oferta cultural con unha identidade e denominación propia, allea aos produtos culturais habituais que ofrece, á parte do propio valor cultural da súa existencia; unha posibilidade de escolla á poboación do Concello que non tería no caso de non existir o presente festival.

TERCEIRO. Que a entidade beneficiaria arriba referenciada ten como obxecto social a organización de festivais de música, entre outros.

CUARTO. Que tendo en conta que as razóns que xustifican a concesión directa desta subvención residen no propio feito de ser o único festival destas características do Concello de Burela, coa súa traxectoria plurianual tamén da propia promoción e organización anticipada deste festival Osa do Mar, organizado tamén de forma exclusiva pola Asociación Fanto Fantini.

QUINTO. Que a finalidade do presente Convenio é instrumentar as condicións e a convocatoria dunha subvención directa á Asociación Cultural Fanto Fantini para o Festival Osa do Mar 2025.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Que a subvención concedida ten carácter discrecional, e o outorgamento da axuda económica vén condicionada no Decreto de Alcaldía número 2025-0860 de data 26 de agosto de 2025 con CSV: 93DGWCSHGYKDMDJHW3G5AW7EC á sinatura do presente Convenio, polo que o beneficiario se compromete ao seguinte:

- Realización da actividade e cumprimento da finalidade que determine a

concesión e especificamente a promover e divulgar a cultura no Concello de Burela.

- Proporcionar o persoal necesario para o normal funcionamento da actividade, xa sexa voluntario ou contratado, ocupándose neste último caso das obrigas que leva apareladas.
- Someterse ás actuacións de comprobación e organización, que os órganos competentes do Concello realicen.
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.
- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.
- Presentar ata o día 19 de novembro de 2025 os documentos acreditativos da xustificación da subvención, de acordo co previsto no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, en concreto, o previsto a continuación:

“O cumprimento das finalidades que motivaron o outorgamento das subvencións, xustificárase achegando a correspondente documentación que acredite a realización do obxecto da subvención.

A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, en caso contrario dará lugar a perda do dereito de cobro total ou parcial da subvención, se perxuízo da celebración, no seu caso do trámite de audiencia legalmente establecido. A documentación a presentar será a seguinte:

1. Unha Memoria da actividade ou actividades realizadas. No seu caso, un exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma, debendo anunciarse na mesma a colaboración municipal. Sen prexuízo do exposto, o Concello pode sinalar outras condicións particulares en función da natureza ou finalidade da subvención.

2. Certificación, expedida polo perceptor de que foi cumprida a finalidade para a cal se outorgou a subvención, conforme ao proxecto presentado. Anexo II

3. Cando as actividades foran financiadas, ademais, con outros fondos ou recursos, acreditarase tamén a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Anexo III

4. Certificados de estar ó corrente do pago das obrigas tributarias e fiscais, tanto estatais como autonómicas e coa Seguridade Social. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das certificacións previstas no apartado anterior en aquelas subvencións nas que a contía a outorgar cada

beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

5. Un Estado de Gastos e Ingresos da actividade realizada. Incluirá, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. Anexo IV

6. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, de acordo co previsto no artigo 30.3 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións:

- O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos
- Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura e do destinatario.
- Non se permitirán pagos en efectivo.

7. Certificado bancario de conta corrente da entidade

8. Declaración responsable do representante da entidade, se é o caso, de que está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo. Anexo V

9. Acreditación documental de que nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa figura que a actividade foi subvencionada polo Concello de Burela.

SEGUNDA: Que o Concello de Burela se compromete a:

Achegar a cantidade económica de 24.200,00 € coa finalidade de colaborar co indicado festival..

Consideraranse gastos a subvencionar de acordo cos fins recollidos no presente convenio, aqueles gastos que resulten inherentes ao desenvolvemento da actividade na que se basea a concesión da axuda, que sexan imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.

Poderán ser subvencionables non só as actividades , se non tamén os gastos xerais das asociacións e entidades que sexan necesarios para o seu funcionamento e se realicen dende o 20 de novembro de 2024 e o 19 de Novembro de 2025.

Non serán gastos subvencionables os intereses debedores de contas bancarias, os impostos, taxas, recargas e sancións administrativas ou penais, e os gastos de procedementos xudiciais. Exclúense tamén os gastos de investimento non mencionados anteriormente, as comidas e as atencións protocolarias.

Os gastos subvencionables deberán producirse e realizarse dentro do prazo

comprendido entre o día 20 de novembro de 2024 e o 19 de Novembro de 2025, ambos os dous incluídos.

TERCEIRA: Establécese a obriga por parte da Asociación Cultural Fanto Fantini de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 a 76 do Real Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

CUARTA: De acordo co recollido no artigo 17 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a percepción da presente axuda será compatible coa doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

QUINTA: O pago íntegro da subvención realizarase con carácter xeral previa xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

Non obstante, previa solicitude da asociación poderase autorizar o pago anticipado de ata un 80% da cantidade total, constituíndo o 20% restante garantía a expensas da xustificación definitiva. Este pago anticipado, en ningún dos casos exime da obriga de xustificación e da posibilidade de efectuar reintegro.

SEXTA: No non previsto neste Convenio estarase ao disposto nas bases da concesión da subvención contidas nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Burela para o exercicio 2024 prorrogado para o ano 2025, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Para que así conste e en proba de conformidade, asinan ambas as dúas partes no lugar e data indicada no encabezamento.